

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), por iniciativa dos seus deputados **Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández, Juan Manuel Fajardo Recouso, Antón Sánchez García e Xosé Manuel Beiras Torrado** e da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei para a seu debate en Pleno**, sobre a posta en marcha dun “**Proxecto Experimental de Desenvolvemento Educativo Integral para a Escola Rural de Sedes**”.

Dicía Faustino Sarmiento que “home, pobo, estado e todo; todo está sentado nos humildes escanos dunha escola”. A escola non só educa, senón que é a base mesma da civilización. Podemos dicir, polo tanto, que a escola é unha condición imprescindible para o crecemento dunha comunidade.

A pesar disto, Galicia sofre un proceso de desmantelamento agudo do seu sistema educativo no medio rural. Un desmantelamento educativo que transcorreu parello á sangría demográfica que asola ó noso país. Causa e consecuencia intercambiaron así os seus papeis de xeito continuado. A perda de servizos públicos esenciais e oportunidades de vida causa despoboamento do rural e o despoboamento xustifica o peches de servizos e a desaparición de oportunidades vitais.

Un círculo vicioso que sitúa o noso país diante dunha catástrofe non só demográfica, senón tamén económica. Galicia non ten futuro sen o seu medio rural. Galicia lidera a caída de poboación rural de todo o Estado español. Só dende o 2008 os concellos do rural perderon 55.000 habitantes, agudizándose un problema enraizado no tempo e sen visos de atopar solución. O noso país perdeu

67.300 postos de traballo no sector primario dende o ano 2.000, o que nos deixa entrever claramente o exilio obrigado o que se viu sometido o medio rural no noso país. Cada día deixan Galicia 70 mozos e mozas de entre 20 e 34 anos.

Só unha acción política decidida, que conte con medidas de discriminación positiva, que parta dunha análise rigorosa dos nosos potenciais e necesidades, que contemple actuacións innovadoras e que aproveite os recursos existentes, poderemos atopar o camiño para facer de Galicia un país viable.

Mais o Goberno Feijoo semella decidido a seguir a senda contraria. Dende o ano 2009 pecháronse en Galicia 238 escolas e elimináronse 559 aulas da rede de centros públicos de Galicia, a inmensa maioría no medio rural. A supresión de profesorado afecta tamén especialmente aos centros do rural, onde a falla de especialistas e de profesorado para atender as necesidades educativas, o emprego abusivo de profesorado itinerante e da impartición de materias afíns, é unha constante que se repite curso tras curso.

A estes feitos hai que engadir o peche de comedores escolares e a falla de paradas de transporte escolar, o que dificulta tremendamente a conciliación da vida familiar e laboral das familias que apostan por vivir nos concellos do rural.

O peche da escola supón, en definitiva, o ferrollazo final para moitos pobos e vilas que perden un servizo que dá resposta a un dereito constitucional básico: o dereito a educación. Pero a escola non só é o referente educativo dunha comunidade, senón tamén un referente institucional, asociativo, identitario e xeracional. A escola é o dinamizador cultural dunha bisbarra, constituíndose en punto de encontro e celebración. Na escola fanse festas, na escola vótase nas eleccións, na escola está a biblioteca do pobo e quizais pode ser a única sala colectiva de vídeo e informática. Na escola organízanse charlas e conferencias para menores e adultos. Na escola hai teatro e na escola celébranse o magosto, o día das letras galegas, as reunión de veciños etc..Cando unha escola pecha asínase a sentenza de morte dunha parroquia, dun pobo, dunha vila ou dun concello.

Por iso, diante da inacción das administracións, os veciños organízanse na defensa da escola do seu pobo. E de aí xorden iniciativas para evitar o peche das escolas no medio rural. Existen concellos que ofrecen vivenda e mesmo servizos complementarios e actividades extraescolares gratuítas ás familias que matriculen aos seus fillos no seu centro educativo, isto fíxoo o Concello de Vilariño de Conso. Existen concellos que rescatan e asumen a xestión do comedor escolar da Xunta antes de que esta proceda co seu peche para ser convertido nun Catering. E existen proxectos innovadores coma o que hoxe nos ocupa na presente iniciativa.

Estamos a falar da Escola Rural de Sedes integrada no CRA de Narón e que leva case un século de vida entregada á formación dos rapaces e rapazas deste Concello. A escola foi fundada e financiada no ano 1921 polo veciño e filántropo oriúndo de Sedes Francisco Sabín Teijeiro quen, cun investimento elevado para a época e cos seus propios medios, fixo real unha alternativa innovadora apostando por trocar a falla de medios e oportunidades.

Mais, dende hai uns dez anos a escola de Sedes arrastra problemas de baixa matrícula debido á menor natalidade e, sobre todo, ós problemas de conciliación familiar e laboral que obrigan a moitas parellas a escolarizar ás crianzas en centros urbanos onde teñen servizos de garderías ou escolas infantís privadas ou públicas.

Para tentar desenvolver alternativas de viabilidade para a escola rural de Sedes, hai oito anos, un grupo de veciñas e veciños de Sedes, baixo a denominación de Ateneo Aldeán, e co apoio da AA.VV. Rosa dos Ventos, e sobre todo o colectivo Fororuralgalicián, están implicados na tarefa de apoiar e divulgar a abnegada, sistemática e calada laboura da Escola Rural de Sedes, integrada no Colexio Rural Agrupado, CRA de Narón,

De feito, grazas ao traballo colectivo desenvolvido, conseguíase reabrir a escola logo do peche dun curso académico hai seis anos, e foi este colectivo de persoas, quen promoveu a celebración e homenaxe dos 90 anos da escola rural de Sedes.

Deste xeito, a cidadanía asumiu as obrigas das administracións públicas, e que non son outras que defender a escola rural, acreditar a necesidade da súa existencia, e promover e financiar as accións para a súa vixencia e permanencia funcional...

Outro dos grandes desafíos desta comunidade do rural, como o de moitas outras de Galicia, formúlase dende a perspectiva da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes de zona urbana e rural e tamén para a conciliación da vida familiar e laboral.

O Concello de Narón, con preto de corenta mil habitantes, dos que máis ou menos trinta e dous mil están asentados en zona urbana, dispón de tan só 328 prazas de escola infantil de 0 a 3 anos, o que supón unha proporción dunha praza infantil por cada mil habitantes desa zona .

O caso das case oito mil persoas que habitan no rural é polo tanto máis grave, pois non contan con ningunha prazas nunha escola infantil de 0 a 3 anos. Se ben é verdade, que as familias de zona rural tamén poden utilizar as escolas situadas no casco urbano, tamén resulta evidente que a facilidade de acceso por proximidade provoca un uso maioritario das familias residentes na zona urbana. Non debemos esquecer que na actualidade as familias de Doso, Pedroso, Sedes, Val, Trasancos, e outros lugares da contorna, están a máis de cinco e ata nove quilómetros das escolas infantís municipais existentes.

Urxen pois actuacións integrais e imaxinativas dirixidas a ofrecer unha resposta global de xeito que, ao mesmo tempo que permita aproveitar e optimizar os recursos existentes, se garanta o dereito das familias a acceder a uns servizos educativos en condicións de igualdade que o resto da cidadanía. As persoas que viven no medio rural teñen as mesmas obrigas mais tamén os mesmos dereitos que o resto das persoas. Diante de retos difíciles e complexos como o

despoboamento do rural, fai falla decisión, compromiso e valentía para apostar por solucións efectivas.

AGE defendeu sempre a integración da etapa infantil de 0 a 3 anos no sistema educativo superando o enfoque asistencial vixente na actualidade. De feito este foi o espírito da LOGSE aprobada nos anos 90, mais nunca levado adiante. Mais esta iniciativa non pretende abrir un debate cara o que o Partido Popular xa se ten manifestado. O que se pretende con esta iniciativa é poñer en marcha de xeito experimental, unha experiencia educativa integradora, que permita establecer nunha escola como a de Sedes, na que existen os espazos necesarios, as aulas e recursos da etapa de 0 a 3. Deste xeito acadaríanse tres obxectivos fundamentais para o rural de Narón:

- 1- Dar unha resposta ás necesidades de conciliación familiar e laboral das familias das parroquias do rural de Narón.
- 2- Dar continuidade ó alumnado matriculado na Escola de Sedes, fixando poboación escolar no centro e favorecendo o asentamento de parellas con fillos na zona.
- 3- Por en marcha un proxecto piloto que permita avaliar e comprobar a viabilidade de iniciativas deste tipo, coa idea de que podan ser extrapoladas a outros concellos do país , con necesidades semellantes.

Por todo elo, e asumindo o traballo e as propostas dos veciños de Narón, Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Desenvolver un Proxecto Experimental de Desenvolvemento Educativo Integral para a Escola Sedes que integre as seguintes actuacións:
 - 1.1. Proxecto Experimental de Conciliación Familiar e Laboral en Zona Rural que abrangue o nivel de educación infantil de 0-6 anos, con oito prazas, para o

ciclo de 0-3 anos, integrado na Escola de Sedes. Estas prazas cubrirían a zona noroeste-nordés da parroquia, sen ningún tipo de servizo desta natureza (Sedes, Castro, Santa Mariña do Monte, Segueiro, Lago e Sta. Olaia de Valdoviño), fornecendo dun servizo estrutural a unha poboación total de máis de catro mil habitantes, que así dispoñerían deste servizo, nun radio menor de cinco quilómetros.

O primeiro ciclo de educación infantil de 0-3 anos integrado na Escola de Sedes, garantiría a reposición continua de poboación escolar procurando, ademais dun servizo fundamental para as familias da zona rural, efectos positivos para fixar a poboación rural.

1.2. Programa de divulgación e revalorización da escola rural de Narón mediante o que se informe do proxecto educativo da escola rural de Narón e das características do ensino rural en canto as súas potencialidades e beneficios. Todo elo en colaboración e coordinado co Concello e a Equipa Docente do CRA de Narón.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 10/05/2016 13:34:32

Jose Javier Ron Fernandez na data 10/05/2016 13:34:42

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 10/05/2016 13:35:01

Eva Solla Fernández na data 10/05/2016 13:35:08

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 10/05/2016 13:35:18

Anton Sánchez García na data 10/05/2016 13:35:26